

# EXCMO. CONCELLO DE A ESTRADA ( PONTEVEDRA ).

## ANUNCIO

O Concello Pleno, na súa sesión celebrada en data 01.02.2024, previos os informes e trámites preceptivos, aprobou inicialmente a desafectación do tramo de camiño público de titularidade municipal radicado entre as leiras núms. 60, 61 e agrupadas 62, 63 e 64 da Zona de Concentración Parcelaria de Lagartóns (de 142,00 m<sup>2</sup> de superficie), declarándoo provisionalmente como ben patrimonial en calidade de parcela sobrante.

Asemade, acordou someter o expediente da dita desafectación a trámite de información pública para xeral coñecemento, polo prazo de 1 mes computable a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia (sen prexuízo da súa publicación nun dos xornais de maior difusión da mesma e da súa inserción no Taboleiro municipal de editos e anuncios, na páxina *web* oficial municipal e na sede electrónica municipal, con independencia da súa notificación individual aos propietarios colindantes afectados), a fin de que calquera persoa física/xurídica poda examinalo, e, de se-lo caso, formular alegacións.

De non presentarse reclamacións/alegacións, o significado acordo de aprobación inicial converterase en definitivo e a declaración provisional do tramo/anaco obxecto da desafectación como ben patrimonial en calidade de *parcela sobrante* elevarase a definitiva. Nese intre, o reseñado tramo/anaco deixará de ligarse formalmente ao uso/servizo público debido a que xa non cumprirá materialmente a finalidade para a que foi inicialmente destinado.

A tal efecto e durante o prazo apuntado, o amentado expediente atoparase fisicamente dispoñible nas dependencias da Área municipal de Urbanismo, no 3<sup>º</sup> andar da Casa do Concello (de luns a venres, agás festivos, entre as 09:00 e as 14:00 horas).

A Estrada, 2 de abril de 2024.  
O CONCELLEIRO DELEGADO DE MEDIO RURAL,  
Asdo. / Gonzalo Louzao Dono

